



todos os martes, de xaneiro a xunio de 2010
de 19:30 a 21:30 h

CURSO DE ESCRITURA CREATIVA "MUNDOS DE PAPEL"

Ánxela Gracián

Achégase ao concepto de literatura como xogo, como fonte de coñecemento de ti mesmo e como material para entender mellor o teu mundo, afondando na túa capacidade para inventar mundos de papel.

MUNDOS DE PAPEL é un taller literario no que se traballarán aspectos especificamente literarios e paraliterarios que interveñen na elaboración dun texto. Ao longo das distintas sesións, intentaremos que coñezas as claves para chegar a ser escritor, revisando as distintas fases do proceso creativo, dende eses primeiros atoutiños nos que garabateas versos cheos de emoción e experiencias persoais, no tan temido folio en branco, dando conta desa capacidade para fabular e crear mundos que formulan un pensamento propio froito da túa creatividade ata ese momento final en que xa tes nas túas mans ese obxecto ao que chamamos libro.

MUNDOS DE PAPEL é tamén un achegamento formal á parte técnica que subxace a todo texto literario. Neste taller ensinaremosche a ler creativamente, a aguzar a percepción dos sentidos, a descubrir os mecanismos que poñen en marcha a imaxinación que todos levamos dentro e, sobre todo, a afianzar a disciplina da creación, formulando reflexións que contribúan a que te enfrontes ao acto literario coa mirada do escritor e escritora que desenvolveu ese instinto que lle permite "atrapar" boas historias, porque interiorizou as experiencias da imaxinación, da lectura e, en xeral, da vida e puido convertelas narración, en novela, en **MUNDOS DE PAPEL**.

PRECIO DO CURSO:

Primeiro trimestre (xaneiro, febreiro e marzo): 135 €

Segundo trimestre (abril, maio e xunio): 150 €

Abonarse por anticipado en dous prazos:

1º prazo, xaneiro: 135 €, [a data límite para efectuar o pago é o 12/01/2010].

2º prazo, abril: 150 € [a data límite para efectuar o pago é o 06/04/2010].

PRAZAS LIMITADAS

INSCRICIÓN E PAGO

Débase encher a folla de inscrición e entregala no momento de efectuar o pago do primeiro prazo na recepción do MACUF, en horario de apertura ao público e antes do 12 de xaneiro de 2010.

Se algún participante non pode acudir ao MACUF para formalizar o pago, poderá reservar a súa praza enviando a folla de inscrición a avazquezj@unionfenosa e ingresando o importe do primeiro prazo (135 €) na conta bancaria que se lle indicará como resposta.